



## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: “SETEMBRO LÚDICO 2020”. SERVIZO DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR DO CONCELLO DE AMES.**

**EXPEDIENTE: 704/2020**

### ANTECEDENTES:

A Setembro Lúdico é unha oferta educativa e de ocio concibida para conciliar a vida laboral e familiar dos veciños e veciñas de Ames durante o período non lectivo do mes de setembro, concretamente para este ano 2020, do 1 de setembro de 2020 ata o 9 de setembro de 2020. As normas de organización e funcionamento de dito programa están reguladas no “Regulamento de funcionamento dos programas lúdicos do Concello de Ames” publicado no BOP núm. 86, de 8 de maio de 2019.

O servizo está dirixido aos nenos e nenas de Ames que durante o prazo de inscrición estean escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil e Primaria.

Segundo establece o artigo 12 de dito Regulamento, os lúdicos desenvólvese en Bertamiráns e no Milladoiro, nos locais habilitados polo Concello e que se farán públicos en cada convocatoria nas oficinas de O Milladoiro e Bertamiráns, e tamén na páxina web do Concello “[www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)”.

No artigo 14 de dito Regulamento indícase que se establecerá un prazo de inscrición para cada convocatoria, entregándose a documentación que se reflicte no Regulamento ca folia de inscrición. Pola súa banda, no artigo 15 do Regulamento indícase que se publicará unha lista provisional de admitidos e excluídos dando un prazo de subsanación de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións, e unha vez resoltas estas, publicarase a lista definitiva.

A consecuencia da declaración do Estado de Alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo (BOE núm. 67, de 14 de marzo), e as súas sucesivas prórrogas, así como a incerteza na posibilidade de realizar ou non o programa de “Escola de Verán”, motivou que non se puidera abrir o prazo no período no que se facía en anos anteriores para este programa o que implicou un atraso importante na súa tramitación e resolución afectando directamente á tramitación do seguinte programa lúdico, o “Setembro Lúdico”.

Tendo en conta todo isto, considérase necesario abrir o prazo de presentación de solicitudes do proceso de inscrición do “Setembro Lúdico 2020” e adaptar as fases posteriores, modificando e axustando as datas ca finalidade de que sexa posible tramitar todo o proceso procurando a súa resolución á maior brevidade posible para o correcto funcionamento do programa.

A todo isto hai que engadir a situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19, de xeito que os programas de conciliación da vida laboral e familiar se deben adaptar as novas necesidades, polo que se deberán ter en conta medidas de prevención tales como a redución de ratios, aumentar as labores de limpeza e desinfección, determinar os equipos de protección para monitores e usuarios e redefinir as actividades que se poderán levar a cabo sin risco de contaxios.

Con data 13 de xuño de 2020, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia fixo público o documento que recolle as recomendacións e medidas para o desenvolvemento das actividades de educación non formal, ocio educativo e tempo libre adaptadas á situación da crise sanitaria do COVID-19, para aplicación tras a fase III, ca finalidade de ofrecer pautas para a adaptación das citadas actividades ao novo escenario e tamén co fin de establecer un protocolo de actuación que permita dar resposta ante un posible caso infeccioso por COVID-19.



Estas medidas inflúen tanto nas ratios monitor/alumno como nos espazos que son necesarios para desenvolver o programa. Non hai que esquecer que os lúdicos se desenvolven maioritariamente nos colexios e, estes, no mes de setembro, teñen que organizarse para o inicio do novo curso, polo que será necesario adaptarnos aos espazos que os propios colexios non permitan usar para non interferir ca súa actividade e aqueles outros dos que o Concello poida dispoñer no caso de que o número de inscritos o requira.

Tendo en conta anterior, para poder organizar o servizo temos que saber cantos inscritos vamos a ter polo que é necesario a apertura do prazo de inscrición para que os/as usuarios/as poidan presentar as súas solicitudes.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Iniciar o prazo de inscrición para o servizo de conciliación da vida laboral e familiar do Concello de Ames denominado “Setembro Lúdico 2020” a desenvolver no período comprendido entre o 1 de setembro de 2020 e o 9 de setembro de 2020 .

Dito prazo de inscrición estará aberto desde o 27 de xullo de 2020 ata o 7 de agosto de 2020, ámbolos dous días incluídos.

De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os demais prazos do procedemento de admisión que figuran no Regulamento de funcionamento dos programas lúdicos do Concello de Ames (BOP núm. 86, de 8 de maio) reduciranse á metade, de tal xeito que unha vez publicada a lista provisional de admitidos e excluídos o prazo para a presentación de reclamacións será de 5 días hábiles.

**Segundo.-** Os centros habilitados para a realización do programa serán:

#### **Milladoiro**

Escola de Educación Infantil de Milladoiro: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2019/2020 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil. Só no caso de que polo volume de inscritos haxa problemas de espazos dispoñibles nesta escola, os/as alumnos/as que no curso 2020/2021 inicien a educación primaria terán como centro habilitado para este programa o CEP de Ventín.

CEP de Ventín: para os/as alumnos/as matriculados/as durante o curso 2019/2020 nalgún dos niveis de educación primaria.

#### **Bertamiráns**

CEIP de Maía: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2019/2020 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil e educación primaria.

**Terceiro.-** Só poderán inscribirse neste programa aquelas unidades familiares empadroadas no Concello de Ames e recollidas no artigo 10 do regulamento dos lúdicos do Concello de Ames de 8 de maio de 2019, onde se xustifiquen debidamente a necesidade de conciliación en base ao artigo 14 de dito regulamento, así como os casos de emerxencia social debidamente acreditados polos Servizos Sociais do Concello de Ames.

Para a xustificación da necesidade de conciliación, no caso de estar traballando, chegará co certificado de vida laboral actualizado á data de inscrición no programa e, no caso de autónomos, a alta no réxime correspondente.

**Cuarto.-** Tendo en conta as recomendación e medidas que a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia



publicou o 13 de xuño de 2020 para desenvolvemento das actividades de educación non formal, ocio educativo e tempo libre adaptadas á situación da crise sanitaria do COVID-19, o protocolo polo que se rexera o “Setembro Lúdico 2020” será o mesmo que o protocolo aprobado polo Decreto 1443/2020, de 26 de xuño, para o desenvolvemento da “Escola de verán 2020” do Concello de Ames, incluíndo a declaración responsable tamén aprobada por dito decreto e que deberán traer cuberta tódolos pais e nais o primeiro día de utilización do programa, facendo entrega dela aos coordinadores que estarán en cada un dos centros nos que se prestará o servizo do “Setembro Lúdico 2020”

O alcalde

A secretaria

José Manuel Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo

HASH DEL CERTIFICADO:  
EEEBD3F699B036D79D504EA7E4EC7C1EE2A8C13  
DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9

PUESTO DE TRABAJO:  
Alcalde  
Secretaria

NOMBRE:  
MIÑONES CONDE, JOSE MANUEL  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Firmado Digitalmente en el Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC28688BB72372EBE40BD

